

Venres, 17 de novembro de 2017

Núm. 221

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEAREAS

Ordenanzas e Regulamentos

ANUNCIO ORDENANZA REGULADORA DA RESIDENCIA DE VÁLIDOS SANTA ANA DO CONCELLO DE PONTEAREAS

ANUNCIO

Aprobada inicialmente pola Corporación Municipal en sesión levada a cabo 7 de agosto de 2017, a modificación da ORDENANZA REGULADORA DA RESIDENCIA SANTA ANA DO CONCELLO DE PONTEAREAS, e sometida a información pública polo prazo de 30 días hábiles (BOP do día 15 de setembro de 2017), e non formulándose alegacións ou reclamacións a dita ordenanza, queda aprobado definitivamente e publícase o seu texto íntegro no BOPPO para os efectos da súa entrada en vigor:

“ORDENANZA REGULADORA DA RESIDENCIA DE VÁLIDOS SANTA ANA DO CONCELLO DE PONTEAREAS

ARTIGO 1.—FINALIDADE E ÁMBITO DE APLICACIÓN

A presente Ordenanza ten por finalidade regular a Residencia de Maiores Santa Ana pertencente por Decreto 260/1.997 do 10 de Setembro ao Concello de Ponteareas, e modificar nalgúns puntos a Ordenanza publicada no BOP nº 147 de 02 de agosto de 2006. Regulada pola Xunta de Galicia por Orde do 13 de abril de 2007 pola que se modifica a do 18 de abril de 1996 na que se desenvolve o Decreto 243/1995, do 28 de xullo, no relativo á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprilos centros de atención a persoas maiores.

ARTIGO 2.—DEFINICIÓN E OBXECTO DA PRESTACIÓN

A Residencia de Maiores Santa Ana é un establecemento público destinado a ser lugar de convivencia e servir de vivenda permanente e común aos que, alcanzando a idade de sesenta e cinco anos, non poden satisfacer estas necesidades por outros medios, e onde se presta unha asistencia integral e continuada ós/ás residentes.

Segundo a súa tipoloxía está clasificada de válidos, dado que a poboación ocupacional actual é de persoas que manteñen unhas condicións persoais, físicas e psíquicas, que lles permiten realizar por sí mesmas as actividades normais da vida diaria.

Con todo o anterior e en aplicación á normativa vixente en materia de clasificación e tipoloxía dos Centros Residenciais, as Residencias de válidos poderán dispor de unidades asistidas para a axeitada atención dos usuarios que, ingresados como válidos experimentan un empeoramento das súas facultades físicas ou psíquicas.



Venres, 17 de novembro de 2017

Núm. 221

ARTIGO 3.—FÍNS

- Manter o máximo grao de autonomía persoal que permitan as súas potencialidades.
- Garantir a máxima calidade de vida potenciando no posible as relacións familiares.
- Evitar o illameto potenciando as boas relacións entre os/as residentes a través de actividades sociais gratificantes..
- Facilitar unha vivenda permanente ás persoas maiores válidas.
- Mellorar ou manter o nivel de saúde dos usuarios a través do control e seguimento das súas enfermidades e deterioros.
- Facilitar a realización das actividades básicas da súa vida cotiá, ofrecéndolles as axudas necesarias.

ARTIGO 4.—SERVIZOS E PRESTACIÓNS:

1. Atención Social
2. Atención Sanitaria
3. Servizo de Alimentación e Nutrición
4. Ximnasia de Mantemento
5. Servizo de Hixiene Persoal
6. Terapia Ocupacional
7. Servizo de Apoio e intervención coas familias
8. Servizo de Lavandería
9. Servizo de Transporte

ARTIGO 5.—ADQUISICIÓN DA CONDICIÓN DE USUARIO/A

1. Condicións de Admisión:

- Ser maior de 65 anos.
- Valerse por sí mesmo.
- Non padecer enfermidade infecto-contaxiosa nin mental que poidan alterar a normal convivencia do centro.

2. Documentación:

Xunto á solicitude, que se formalizará en modelo normalizado, o interesado achegará a documentación que a continuación se relaciona:

- Fotocopia do D.N.I. do solicitante.
- Fotocopia do D.N.I. do cónxuxe.



Venres, 17 de novembro de 2017

Núm. 221

- Xustificante de convivencia no caso de acompañantes
- Fotocopia da Declaración da Renda ou en caso contrario certificación da Delegación de Facenda de non estar incluído no censo de declarantes.
- Certificado de pensión ou pensións.
- Solicitud de ingreso en Residencia Santa Ana.
- Informe Social
- Informe Médico con tratamento actualizado.
- Certificado de empadramento.

A Concellería de Benestar Social poderá dispoñer que se efectúen as comprobacións oportunas sobre a veracidade dos datos achegados polos/as interesados/as, igualmente, poderá reclamar as aclaracións por escrito e a documentación necesaria co fin de garantir a correcta cumprimentación do expediente.

ARTIGO 6.—FORMA E LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

a. As solicitudes da prestación poderanse presentar no Rexistro Xeral de Concello, Residencia Santa Ana, Centro de Servizos Sociais ou calquera dos lugares aos que se refire a lexislación vixente en materia de procedemento.

As devanditas solicitudes presentaranse en modelo normalizado que a tal fin facilitará a Administración, ao que haberá que acompañar a documentación que nesta se indica e que se especifica no art. 5º, apdo. 2 .

b. O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto durante todos os meses do ano

c. No suposto de que algún expediente non reunise a documentación requirida, dende esta Administración, requirirase o solicitante para os efectos de que proceda a emendar as anomalías e/ou carencias detectadas, no prazo máximo de quince días dende a recepción, en virtude do establecido no art. 71 da Lei 30/1992 do 26 de Novembro, reguladora do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

ARTIGO 7. RESOLUCIÓN

a. A resolución do expediente corresponderá á Comisión de Valoración do Concello de Ponteareas.

b. O prazo máximo para resolver os expedientes será de seis meses a contar dende o día seguinte á súa data de presentación.

c. Contra a resolución ditada poderanse interpoñer os recursos pertinentes ao Órgano Instrutor.



Venres, 17 de novembro de 2017

Núm. 221

ARTIGO 8.—INGRESO NA RESIDENCIA DE MAIORES “SANTA ANA”

a. Adoptado o acordo de adxudicación de praza, na notificación de ingreso provisional, indícarase, ademáis, a obriga do adxudicatario de presentarse no Centro o día e hora que se indique, para a entrevista. Neste acto revisaranse os documentos e que se reúnen os requisitos establecidos. Se transcorridos quince días dende a notificación, o adxudicatario non se presenta considerarase desestimada a solicitude e procederase ao arquivo definitivo do expediente.

Se despois da entrevista se confirma que o adxudicatario mantén as condicións que motivaron a adxudicación da praza, éste deberá ingresar no Centro na data establecida. A partir do ingreso, establécense 20 días para o período de adaptación, podendo ser este prorrogable a 40 días en caso necesario.

b. A incorporación á Residencia realizarase a través de Lista de Reserva, en atención á puntuación obtida na aplicación do baremo, que figura no artigo 11 da presente Ordenanza (Anexo I), promulgado por Orde de 8 de xaneiro de 1986 do Ministerio de traballo e Seguridade Social (INSERSO), publicado no BOE de 17 de xaneiro de 1986. Modificado posteriormente pola Xunta de Galicia coa finalidade de adaptalo a Comunidade Autónoma Galega. En vigor no Concello dende o 26 de marzo de 1998. Actualizado polo Real Decreto 174/2011 de 11 de febreiro, no que se aproba o baremo de valoración en situación de dependencia establecido pola Lei 39/2006. Logo da baremación séguese o procedemento de entrevista establecido para a incorporación que se detalla no parágrafo anterior deste artigo. Cando as puntuacións de varios usuarios fosen iguais, atenderase ao criterio da data de realización da solicitude.

ARTIGO 9.—PÉRDIDA DA CONDICIÓ DE RESIDENTE

Perderase a condición de Residente cando concorran algunha das seguintes circunstancias:

1. Por vontade do interesado.
2. Por falecemento.
3. Por deixar de reunir os requisitos esixidos.
4. Pola acumulación de máis de catro ausencias nun mes e que estas non foran comunicadas nin xustificadas.
5. Por non superar o período de adaptación a que fai referencia o art. 8 a da presente Ordenanza.
6. Por incumprimento grave e reiterado das normas de funcionamento da Residencia.
7. Por deterioración en estado físico-psíquico que supoña unha variación importante nas circunstancias do ingreso e o converta en persoa non válida.



Venres, 17 de novembro de 2017

Núm. 221

ARTIGO 10.—SUSPENSIÓN DA PRESTACIÓN

A estancia na Residencia quedará suspendida con reserva de praza, cando se produza ingreso hospitalario ou enfermidade que supoña unha ausencia superior a un mes.

Superado este tempo, e sempre que non transcurran máis de tres meses dende que quedou suspendido o servizo, se o/a Residente desexa seguir no Centro deberá aportar novo informe médico para o seu estudo.

Durante o tempo de permanencia en Centro Sanitario, ou de ausencia do Centro por permisos o/a Residente aportará á Residencia o 40% dos seus ingresos en concepto de reserva de praza.

Suspenderase a prestación do servizo cando o/a usuario/a sexa considerado/a por prescripción facultativa asistido/a, dado que a Residencia é para persoas maiores válidas, aínda que poderá permanecer no Centro o tempo necesario ata que se lle traslade a unha Residencia de asistidos.

Dereito a ausencias voluntarias que non poderán ter unha duración superior conxunta a 42 días ó ano, e deberán comunicarse previamente cun mínimo de 3 días de antelación á Dirección do Centro.

Nos períodos de ausencia obrigada do Centro polo cumprimento de sanción disciplinaria, o beneficiario estará exento do aboamento da estancia.

A efectos de aboamento de estancias só se considerarán como ausencias ou baixas temporais aquelas que a duración sexa superior a 10 días continuados.

ARTIGO 11.—BAREMO DE ADMISIÓN NA RESIDENCIA DE VÁLIDOS SANTA ANA DE PONTEAREAS**ANEXO I**
BAREMO DE ADMISIÓN

Na valoración dos expedientes de solicitude de ingresos na Residencia de Maiores de Válidos Santa Ana de Pontearreas, teranse en conta as seguintes variables:

- I. Situación Socio-Familiar.
- II. Situación económica.
- III. Condicións da vivenda.
- IV. Reagrupamento familiar.
- V. Idade do solicitante.
- VI. Circunstancias excepcionais.



Venres, 17 de novembro de 2017

Núm. 221

I.-SITUACIÓN SOCIO – FAMILIAR

Nesta variable valorarase a situación do solicitante no medio familiar e social ponderando, especialmente, aqueles supostos que determinan un estado de desprotección.

I.1.

- En situación de abandono. En total desamparo, sen familiar ou persoa/s que lle preste/n unha mínima atención.
- Necesidade de deixar praza hospitalaria ou a súa vivenda, sen familia que se faga cargo sen medios económicos para subsistir
- Que sufra malos tratos físicos ou psíquicos graves.
- Que pernoite en albergues ou similar.
- Que exista conflictividade familiar grave e permanente.
- Que se encontre en situación de precario.
- Que exista situación de hacinamento.
- Que se atopen en soidade ou aillamento afectivo.
- Que exista unha situación de carencia afectiva.

Puntuación 40

I.2

- Que os dous compoñentes do matrimonio roten separadamente por diversos domicilios de fillos ou familiares.
- Que a persoa rote, de forma temporal, por diversos domicilios de fillos ou similares.
- Que existan malas relacións cos fillos cos que convive/n.
- Que se atope semiabandonado.
- Que conviva/n cos fillos que non teñan ingresos de ningún tipo.
- Falta de integración familiar.
- Que resida/n en centros, pensións, hostais, etc., pero que teñan que abandonalos por causas diversas.
- Que viva/n con outras persoas, en condicións deficientes.

Puntuación 30

I.3

- Que conviva con fillos con cargas familiares.
- Que viva/n no seu domicilio habitual con familiares ou persoas que, a súa vez, requiran atención..
- Que viva/n solos, pero integrado/s no medio.
- Que viva/n con fillos en desemprego pero que cobran subsidio.
- Que viva/n solos, con fillos na localidade, pero con falta de atención e/ou afectividade.



Venres, 17 de novembro de 2017

Núm. 221

- Que viva/n solos ou con familia na mesma localidade, integrado/os no medio pero que non lle prestan atención que necesitan.

Puntuación 20

I.4

- Que viva/n solo/s, integrados/s no medio, con fillos ou familia na mesma localidade, con boas relacións, pero escasos recursos económicos.
- Que viva/n solo/s, sen familia na localidade, pero dispendo o solicitante de recursos sociais.
- Que non existan problemas destacables en calquera situación: solo/s, con familia, en Centros, etc.

Puntuación 10

I.5

- Que vivan en condicións consideradas satisfactorias.

Puntuación 0

II. SITUACIÓN ECONÓMICA

Nesta variable valoraránse tódolos ingresos anuais do solicitante a súa cónxuxe (matrimonio ou parella), calculando a media aritmética en caso de que a solicitude de admisión comprenda o matrimonio. A efectos de determinar os ingresos prorrataráse o total por doce meses diversificando a situación económica segundo se indica a continuación:

- Ingresos iguais ou inferiores á pensión mínima non contributiva 20
- Ingresos iguais á pensión mínima contributiva sen cónxuxe 15
- Por cada noventa euros máis que a pensión mínima sen cónxuxe a cargo dous puntos menos por cada tramo de 90 euros. 10

III. CONDICIÓNS DE VIVENDA

Nesta variable valorarase a habitabilidade da vivenda que ocupa o solicitante sexa casa particular, Centros ou calquera outro lugar de residencia.

En caso de residir en hospital ou Centro Sanitario, non se valoraran as condicións do Centro, senon as da súa vivenda, si a tivera.

III. 1

- Que estean en condicións pésimas de habitabilidade, por grandes fendas, ruínas, humidades, etc.
- Que exista deshaucio xudicial de vivenda xustificado.
- Con carencia de vivenda recollido en precario por familiares ou benfeitores.



Venres, 17 de novembro de 2017

Núm. 221

- En faiado en malas condicións: teitos moi baixos, frías, húmidas, con goteiras, mala ventilación, sen luz, etc.

Puntuación 30

III. 2

- Con barreiras arquitectónicas que impidan o desenvolvemento da vida diaria.
- En condicións deficientes e ailladas do casco urbano ou en zona rural aillada.
- Sen medios de comunicación que faciliten a integración do acceso.
- En Centros que non reúnan os requisitos mínimos de habitabilidade que precise o solicitante.
- Nunha vivenda en condicións de habitabilidade deficientes (con auga, luz e retrete sómente).
- En Centros, pensións, domicilios, etc., que reúnen os requisitos mínimos, pero con tempo de estancia limitado, custe caro, ou que non prestan atención en casos especiais.
- En situación de realuguer (habitación realugada).

Puntuación 20

III. 3

En condicións aceptables pero:

- Aillada. Fóra do casco urbano. En zona rural. Con espazos limitados. Con difícil acceso.
- Que careza de calefacción, ascensor ou teléfono, cando sexa preciso.
- En condicións aceptables e cedida en uso.
- En condicións aceptables, pero en réxime de aluguer, pensión, residencia, etc.

Puntuación 10

III. 4

- Vivenda en boas condicións sendo titular o/a solicitante, cónxuxe ou fillos.

Puntuación 0

IV. REAGRUPAMENTO FAMILIAR

Nesta variable valórase a condicións de ser natural do Concello, comarca, provincia, etc.

Tamén se valora si nos últimos tres anos a súa residencia e empadramento están fixados nos lugares sinalados anteriormente.

IV. 1

- Por nacer ou figurar empadroadado, con un mínimo de tres anos, no Concello de Pontearreas.
- Por nacer ou figurar empadroadado, con un mínimo de tres anos, nesta Comarca.

Puntuación 30

Puntuación 15



Venres, 17 de novembro de 2017

Núm. 221

- Por nacer ou figurar empadroado, con un mínimo de tres anos, nesta Provincia.
Puntuación 5
- De outros lugares fora da Provincia.
Puntuación 0

V. IDADE DO SOLICITANTE

Nesta variable valorase a idade do solicitante, en semellanza cos principios que informan e xustifican a asistencia ás persoas da terceira idade.

Daráse un punto por cada ano a partir dos sesenta e cinco anos cumpridos.

Cando a solicitude de admisión comprenda ao matrimonio. A efectos de determinar a idade obterase a media aritmética dos anos cumpridos por cada un dos cónxuxes, constituíndo a cifra que resulte, redondeada en exceso, como a idade a considerar.

VI. CIRCUNSTANCIAS EXCEPCIONAIS

Neste apartado valóranse especiais situacións do solicitante que, sen estar comprendidas nos supostos contemplados nas líneas anteriores, requiren, ser obxecto de valoración. Entre elas se destacan as seguintes:

Circunstancias excepcionais:

- Por existencia de fundimento ou perda da vivenda.
Puntuación 20
- Por catástrofes naturais ou epidemias.
Puntuación 20

Venres, 17 de novembro de 2017

Núm. 221

ANEXO II

**BAREMO DE ADMISIÓN NA RESIDENCIA DE MAIORES DE VÁLIDOS DE
PONTEAREAS**

Nome: _____

<u>SITUACIÓN</u>	<u>PUNTOS</u>
SOCIO – FAMILIAR.....	
ECONÓMICA.....	
VIVENDA.....	
REGUPAMENTO.....	
Natural da localidade.....	
Natural da comarca.....	
Natural da provincia.....	
De outros lugares da Provincia.....	
IDADE.....	
CIRCUNSTANCIAS EXCEPCIONAIS.....	
TOTAL PUNTUACIÓN.....	<input type="text"/>

ARTIGO 12.—DEREITOS DOS/AS RESIDENTES

— Tódolos/as usuarios/as da Residencia gozarán dos seguintes dereitos:

1. A acceder ós mesmos e recibir asistencia sen discriminación por razón de sexo, raza, relixión, ideloxía ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
2. Á consideración no trato, debida á dignidade da persoa, tanto por parte do persoal do Centro ou servizo como dos/as demais usuarios/as.
3. Ó sixilo profesional acerca dos datos do seu historial sanitario e social.
4. Estarase ó disposto na Lei de Protección de Datos.
5. A realizar saídas ó exterior.
6. A manter relacións interpersoais, incluído o dereito a recibir visitas nos salóns habilitados ó efecto.
7. A unha asistencia individualizada acorde coas súas necesidades específicas.
8. A intimidade persoal en función das condicións estruturais dos centros e servizos.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.es/verificacion-csv>
Código seguro de verificación:BI980VV38PH7BYKN



Venres, 17 de novembro de 2017

Núm. 221

9. A que se lle facilite o acceso á atención social, sanitaria, educacional, cultural e, en xeral a tódalas necesidades persoais que sexan precisas para conseguir o seu desenvolvemento integral.

10. A deixar de utilizar os servizos ou a abandonar o centro por vontade propia.

11. A asociarse co obxecto de favorecer a súa participación na programación e no desenvolvemento de actividades.

12. Dereito a realizar suxestións ós responsables respecto do funcionamento do Centro.

ARTIGO 13.—OBRIGAS OU DEBERES DOS/AS RESIDENTES

1. Respetar e cumprir as normas de funcionamento da Residencia, respetando o persoal da mesma e os/as usuarios/as.

2. Utilizar correctamente as instalacións.

3. Colaborar nas programacións establecidas polos profesionais.

4. Cumprir os horarios establecidos para o correcto funcionamento do Centro.

5. Aceptar previo ingreso, o compromiso de admisión en Residencia de válidos Santa Ana.

6. Comunicar en conserxería as ausencias do Centro.

7. Os residentes que non desexen usar o servizo de comedor deberán comunicalo coa debida antelación.

8. Por hixiene é recomendable o aseo diario. As persoas que o necesiten pedirán axuda ó departamento de enfermería, adaptándose nestes casos ós horarios establecidos.

9. Cumprir as normas sobre utilización do centro ou servizo establecidas no Regulamento de Réxime Interno.

10. Observar unha conducta inspirada no mutuo respecto, tolerancia e colaboración, encamiñada a facilitar unha mellor convivencia.

11. Colaborar na realización de determinadas tarefas que, sen supoñer un risco para a súa saúde, nin para a finalidade do tratamento, sirvan para mellorar a súa autonomía persoal e participación na vida do Centro, de acordo co disposto no Regulamento de Réxime Interior.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA

Obrigas de pagamento:

Os Residentes e os seus representantes, no seu caso, participarán dende o momento do seu ingreso no financiamento do custo das súas estancias, cunha achega correspondente ao 75% da totalidade dos seus ingresos líquidos anuais percibidos, exceptuando destes o importe das pagas extraordinarias.



Venres, 17 de novembro de 2017

Núm. 221

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor unha vez transcorrido o prazo de quince días ó que se refire o art. 65.2, sa Lei Reguladora de Bases de Réxime Local, previa publicación no Boletín Oficial da Provincia.”

RECURSO.—Contra a aprobación definitiva da modificación da ORDENANZA REGULADORA DA RESIDENCIA SANTA ANA DO CONCELLO DE PONTEAREAS, os/as interesados/as, poderán interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do seguinte ao da súa publicación, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10.1 b) e 46.1 da Ley 29/1998, de 13 de julio, reguladora de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa.

Documento asinado electronicamente.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.es/verificacion-csv>
Código seguro de verificación:BI980VV38PH7EYKN

